



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE MOS E A EMPRESA SERVICIOS DE AUTOBÚS LAR, SL, PARA A INTEGRACIÓN DO TRANSPORTE MUNICIPAL DE MOS NO EIDO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE VIGO

Santiago de Compostela a 21 de febreiro de 2017.

REUNIDOS

Helena de Lucas de Santos, directora xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, en representación da devandita consellería, actuando por delegación da conselleira de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia consonte co establecido no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia en relación coa Orde do 4 de decembro de 2015 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos (DOG nº 236, do 11 de decembro de 2015).

Nidia María Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos, en nome e representación do referido concello.

Rodrigo Manuel Salgado Pombo, provisto de DNI nº 36.142.765-J, actuando en nome e representación da empresa Servicios de Autobús LAR, SL, con base na escritura de constitución da sociedade, outorgada ante o notario de Vigo don José Antonio Rodríguez González o día 9 de xuño de 2003 co número 1.600 do seu protocolo.

Os reunidos recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e capacidade legal para formalizar o presente convenio de colaboración, e para o efecto

EXPOÑEN

1. Con data do 4 de marzo de 2015 asinouse un Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo (Convenio marco, en adiante), coa finalidade de afondar en actuacións que melloren a calidade e competitividade do transporte público. O Plan require dunha vontade de coordinación entre as Administracións participantes que, entre outras actuacións, supoña avances na integración das diferentes redes de transporte público considerando a Área de Transporte Metropolitano (ATM, en adiante) como un todo integrado.

O Convenio de colaboración en virtude do que se crea a ATM de Vigo contén de xeito detallado as prescricións técnicas a desenvolver na ATM, de modo que a través do devandito convenio as partes asinantes declaran o seu acordo de vontades na implantación e desenvolvemento destas. As administracións participantes pretenden potenciar de forma específica a utilización do transporte público colectivo.

2. Un dos eixos de actuación prioritarios contidos no convenio de colaboración asinado é o programa tarifario. Este programa supón un abaratamento considerable das tarifas, a través do establecemento dun novo sistema tarifario (sistema tarifario zonal).

A implantación do programa tarifario require dun desenvolvemento tecnolóxico orientado ao pagamento electrónico mediante tarxetas de transporte integradas, en colaboración coas entidades financeiras vinculadas ao Plan. A Tarxeta Metropolitana de Galicia (TMG, en adiante), xunto coas tarxetas integradas no sistema, representan mecanismos útiles para as persoas usuarias, que lles permiten acceder ao sistema de bonificacións tarifarias do transporte (fundamentalmente tarifas zonais e transbordo) e, ao mesmo tempo, contribúen á interconexión entre as redes de transporte municipal co interurbano, de xeito que se configuran como medios de pagamento en ambas as dúas redes.

3. A mellora da oferta de servizos de transporte constitúe outra das bases fundamentais do Plan, para o que prevé a creación de servizos de predominante interese municipal, entre outras actuacións nestes sentido.

O Concello de Mos definiu un Servizo municipal e procedeu á súa adxudicación no marco das súas propias competencias, polo que se procedería neste momento a súa integración no eido do PTMG.

4. Para os efectos de articular o establecemento das medidas de compensación que serán abonadas ás empresas que presten os servizos de transporte por mor das bonificacións aprobadas polas Administracións, o Convenio marco prevé que se proceda, ben á previa formalización de contratos – programa coas ditas empresas prestatarias dos servizos, ou ben ao seu establecemento mediante outras figuras admitidas en dereito, entre as que se atopan os convenios de colaboración.

5. A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, órgano da Administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á coordinación dos transportes urbanos e interurbanos e a implantación de plans de fomento do transporte público.

6. O Concello de Mos ten as competencias tanto en materia de transporte público de viaxeiros como na ordenación do tráfico de vehículos e persoas e na protección do medio ambiente, tal e como se establece nos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e na demais normativa estatal e autonómica de aplicación.



7. A empresa Servicios de Autobús LAR, SL é a contratista da prestación do servizo de transporte municipal do concello de Mos en virtude da adxudicación acordada pola Xunta de Goberno Local en reunión do 21 de outubro de 2016.

De conformidade con todo o exposto, e en aras dos principios de colaboración, cooperación e coordinación, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder ao desenvolvemento dunha actuación conxunta para a plena implantación das tarxetas integradas no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na ATM de Vigo, e a súa conexión co transporte urbano da cidade, para o que formulan o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto fixar as bases de cooperación entre as partes asinantes para a integración do servizo de transporte municipal definido e adxudicado polo Concello de Mos no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia e, do mesmo xeito, ten por obxecto determinar o sistema de compensación tarifaria e as obrigas das partes derivadas da integración do transporte municipal do Concello de Mos no novo sistema de transporte metropolitano.

Segunda. Definicións e criterios básicos

Coa finalidade de homoxeneizar conceptos e facilitar a implantación dun sistema de compensación común establécense as seguintes definicións e criterios básicos:

1. *Viaxe urbana*: desprazamento realizado dentro da rede urbana ou municipal. Pode estar constituída por unha ou por varias etapas, con base nas regras de transbordo fixadas polo servizo urbano ou municipal. As compensacións da Xunta de Galicia respecto do servizo urbano ou municipal realízanse por viaxes urbanas que formen parte dunha viaxe interurbana.

2. *Viaxe interurbana*: desprazamento realizado cunha ou varias etapas, das que algunha se produce en modos diferentes ao urbano. Unha viaxe urbana pode ou non formar parte dunha viaxe interurbana; e unha viaxe interurbana pode ou non incluír unha viaxe urbana.

3. *Tarxetas de pagamento integradas*: medio de pagamento que, con independencia do emisor, permite viaxar a través de varios medios ou modos de transporte dentro do Plan de Transporte Metropolitano, resultando de aplicación os sistemas de compensacións entre as administracións definidos nos diferentes convenios referentes ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

Teñen esta consideración tanto a TMG como aquelas outras tarxetas que, emitidas ou promovidas por outras Administracións, sexan incorporadas ao sistema de Transporte Metropolitano de Galicia. Actualmente as partes manifestan coñecer como tarxetas

integradas e plenamente operativas a TMG, a Tarxeta *Millenium* do Concello da Coruña e a Tarxeta *Cidadá* de Lugo.

Con anterioridade á posta en operativas de novas tarxetas no sistema de transporte metropolitano de Galicia, logo da súa homologación e da adopción dos correspondentes acordos administrativos, a Dirección Xeral de Mobilidade comunicarlle ao Concello de Mos a súa admisión.

No caso de que o Concello de Mos desexase promover a integración dunha tarxeta propia como tarxeta integrada, comunicarlle á Dirección Xeral de Mobilidade a programación prevista para tal fin. Esta tarxeta, logo da súa homologación, será válida no conxunto das ATM en vigor.

4. Tarifas TMG social do servizo municipal: tarifas aplicables a viaxes urbanas realizadas no servizo urbano ou municipal do Concello de Mos cunha bonificación adicional a favor dos colectivos determinados polo concello.

Estas tarifas xestionaranse a través do aplicativo social da TMG, da Xunta de Galicia, previa aprobación e notificación á Dirección Xeral de Mobilidade por parte do concello. A alta, baixa e modificación de beneficiarios destas tarifas TMG social, ou dos perfís que lles resulten de aplicación, será realizada por parte do Concello de Mos na referida aplicación tecnolóxica, nos termos e de acordo co manual de uso que en cada momento lle resulte de aplicación.

O Concello de Mos asume o custe íntegro destas bonificacións, que a Dirección Xeral de Mobilidade abonará ás persoas beneficiarias delas mediante o sistema de bonificacións por recorrencia da TMG, con cargo ao importe económico que o concello terá transferido previamente á Xunta de Galicia.

A supresión de calquera tarifa TMG social do servizo municipal deberá ser comunicada polo Concello de Mos á Dirección Xeral de Mobilidade con, cando menos, un mes de antelación á data na que a dita supresión sexa efectiva.

Terceira. Obrigas do operador urbano ou municipal.

1. Servizos de Autobús LAR, SL obrígase a remitir ao sistema informático de xestión do Plan de Transporte Metropolitano (SITME) a información diaria de tódalas cancelacións realizadas con tarxetas de pagamento integradas que poidan xerar compensacións entre administracións. Os datos serán remitidos de luns a venres laborais e referidos ao día ou período anterior desde a última colecta.

O non cumprimento da obriga determinará que a colecta non remitida en prazo será rexeitada polo sistema, coas consecuencias económicas previstas no acordo co Comité Galego de Transportes por Estrada de marzo de 2009. Non obstante, non se aplicará esta penalización no suposto no que a empresa Servizos de Autobús LAR, SL se retrase en non máis de 7 días na remisión dos datos ao SITME, sempre que esta circunstancia non sexa reiterada.



2. Unha vez procesadas as colectas no SITME, estas serán remitidas á entidade bancaria colaboradora para o a súa validación. No caso de que non sexa validada a colecta, o operador debe corrixir os erros detectados.

Cuarta. Sistema de compensación

1. No servizo de transporte municipal do Concello de Mos resultará aplicable, con carácter xeral, o sistema de tarifas establecido para o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na ATM de Vigo; xa que logo, a tarifa TMG de cero saltos terá a consideración de billete bonificado de uso xeral.

2. Unha vez que as colectas das viaxes remitidas son procesadas polo sistema informático de xestión do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia (SITME) e validadas pola entidade bancaria colaboradora, o procedemento de liquidación tarifaria das viaxes abonadas mediante as tarxetas integradas é o que se indica de seguido:

a. Cunha periodicidade quincenal a entidade bancaria colaboradora transfire ao operador a contía procedente dos saldos descontados nas tarxetas integradas.

b. Cunha periodicidade mensual, o operador percibe as compensacións por parte da Xunta de Galicia ata acadar o nivel de compensación acordado. A compensación realízase por viaxe urbana sobre a base das regras de transbordo que aplique o contratista urbano e aos niveis do billete bonificado de uso xeral.

3. A fórmula de funcionamento do sistema cara ao operador urbano ou municipal será a seguinte:

Por transbordos: polas viaxes urbanas que forman parte dunha viaxe interurbana. Paga o produto entre o número de viaxes urbanas pagadas con Tarxetas de Pagamento Integradas e a tarifa de referencia (billete bonificado de uso xeral de cero saltos) menos o obtido nas colectas destes billetes.

$$CXU_{\text{TRANSBORDO TI}} = [V_{\text{TI}} \times \text{Precio Bonobús}] - [\text{Ingresos Coletas}]$$

Onde:

$CXU_{\text{TRANSBORDO TI}}$: Compensación efectuada pola Xunta de Galicia ao Urbano polas viaxes urbanas que resultan do transbordo dentro dunha viaxe interurbana e que foi pagado cunha Tarxeta Integrada.

V_{TI} : Viaxes con dereito a compensación da Xunta realizadas con Tarxetas de Pagamento Integradas. Unha viaxe urbana pode estar constituída por unha ou varias etapas sobre a base do tratamento do transbordo que de o concello.

Prezo Bonobús: Prezo de referencia do billete bonificado de uso xeral de cero saltos.

Ingresos Colectas: Ingresos percibidos nas cancelacións realizadas coa Tarxetas de Pagamento integradas diferentes á do urbano.

4. A táboa de prezos por salto e os niveis de compensación interurbanos estarán sometidos ás actualizacións que periodicamente aprobe a Consellería de Infraestruturas e Vivenda consonte coas Ordes de incrementos tarifarios.

Quinta. Adaptación do sistema tecnolóxico do transporte municipal de Mos

1. O Concello de Mos e Servicios de Autobús LAR, SL comprométense a dotar os vehículos que presten os servizo de transporte municipal con máquinas canceladoras e expendedores homologados para o funcionamento coa TMG.

2. O concello de Mos e Servicios de Autobús LAR, SL, comprométese a non introducir ningún tipo de alteración no software homologado instalado nas máquinas adaptadas para o funcionamento no sistema tarifario do Plan de Transporte Metropolitano sen a conformidade expresada con antelación pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda; expresamente establécese o compromiso de non introducir ningún tipo de modificación que facilite a alteración ou manipulación da transmisión de información a través do sistema en menoscabo da súa plena seguridade.

Sexta. Crédito orzamentario

Para a normal execución das obrigas previstas no presente Convenio referentes ao programa de integración tarifario do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo a Administración dispón de crédito orzamentario suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.512A.470.1. As administracións públicas comprométense a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso corresponda segundo o establecido no indicado Convenio e os acordos de reaxuste, actualización e liquidación adoptados en execución do mesmo.

Sétima. Vixencia e novación

O presente convenio subscríbese no marco do Convenio marco asinado o 4 de marzo de 2015, polo que, do mesmo xeito que se establece no devandito convenio, o presente Convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2019.

No suposto de que o Convenio marco sexa prorrogado, o presente convenio tamén se entenderá prorrogado, salvo denuncia expresa das partes comunicada por escrito con 3 meses de antelación a que opere a devandita prórroga.

O convenio de colaboración poderá ser obxecto de modificación ou novación obxectiva mediante acordo ao respecto das partes asinantes; en todo caso, a anterior esixencia de concorrencia de vontades nin constituirá renuncia nin será limitativa das facultades ou potestades que á administración pública autonómica lle competen no exercicio de potestades públicas legal ou regulamentariamente establecidas.

Igualmente, no suposto no que houbera un novo prestatario do servizo urbano ou municipal do Concello de Mos, distinto Servizos de Autobús LAR, SL, o Concello de Mos preverá a subrogación do novo prestatario nas condicións e compromisos asumidos no presente convenio pola dita empresa, notificando esta subrogación subxectiva á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia con, cando menos, un mes de antelación á data na que se produza a sucesión na prestación do servizo. Esta comunicación será título suficiente para producir a novación subxectiva no presente convenio durante a súa vixencia, sen necesidade de trámites administrativos posteriores.

Oitava. Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración subscríbese no marco do Convenio marco, do 4 de marzo de 2015, e enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ao presente convenio non lle será de aplicación a lexislación sobre contratación das administracións públicas, segundo o disposto no artigo 4 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, sen prexuízo da súa aplicación supletoria para a resolución de dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do convenio, pola Xurisdición contencioso- administrativa.

Novena. Publicación

Este convenio será obxecto de publicación nos termos establecidos no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e demais normativa aplicable, e as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas neste, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Este Convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento. Esténdese un exemplar por triplicado, no lugar e data indicados no seu encabezado

Pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda

Polo Concello de Mos

Helena de Lucas de Santos

Nidia María Arévalo Gómez

Por Servizos de Autobús LAR, SL

Rodrigo Manuel Salgado Pombo

